



**Xeración de Crédito 016X/19 (55/19)**  
**Expte. Cividas: 2019028635**  
**XC – 016X/2019**

**DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica**

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 21 de agosto (ref: 185/2019), refrendado pola Sra. Concelleira delegada de Facenda, en funcións, en data 22/08/2019, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de créditos feita pola Concellería de Política Social, mediante Providencia asinada o 08 de agosto

Visto o informe favorable emitido pola Intervención Xeral en data 02 de outubro (ref: 16X-19).

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 016-X/2019**, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

| <b>APLICACIÓN DOS FONDOS</b> |   |                |
|------------------------------|---|----------------|
| <u>APLICACIÓN</u>            | <u>DENOMINACIÓN</u>                             | <u>IMPORTE</u> |
| N150.2318.22610              | Gastos programa axuda a domicilio (dependencia) | 157.211,39 €   |
| TOTAL.....                   |   | 157.211,39 €   |
| <b>ORIXE DOS FONDOS</b>      |   |                |
| <u>CONCEPTO</u>              | <u>DENOMINACIÓN</u>                             | <u>IMPORTE</u> |
| 45026                        | Subvención Xunta programa axuda a domicilio     | 157.211,39 €   |
| TOTAL.....                   |   | 157.211,39 €   |

**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos e á Concellería de Asuntos Sociais, como centro xestor do gasto, aos efectos oportunos .**

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

